

METODO CHIRLO-MERLO

Chirlo Merlo veu sendo elaborado e experimentado durante varios cursos coa finalidade de cubrir as necesidades dun ensino actualizado e na nosa lingua. E un material renovador, coincidente coas directrices da Reforma Educativa.

Aprende a leer e escribir en galego

Tanto os materiais dirixidos ós nenos como as orientacións da Guía van na procura da: Lectura e escritura vivencial, funcional e significativa e implicación lúdica e creativa por parte dos nenos no desenvolvemento de cada conto ou unidade.

Liña metodológica

Baséase na síntese dos procedementos global e fonético. Esta característica permite elixir entre estas dúas opcións:

- A partir do enfoque global con reforzo fonético (considerado polos autores con preferencia en base ós plantexamentos integradores que conleva).
- A partir do enfoque fonético (trátase dun procedemento fonético mixto, dasdo que se desenrola nun marco global e, polo tanto, ofrece vantaxes con respecto a un plantexamento fonético estricto).

Posibilidades de aplicación

Ademais de desenrolar un dominio sistemático e amplo do proceso lecto escritor, permite as seguintes utilizacións:

- Permite adaptarse ós diferentes niveis e ritmos de aprendizaxe que se presentan na diversidade de cada aula.
- E especialmente completo para nenas e nenos que presentan dificultades de aprendizaxe no proceso lecto-escritor.
- Como recurso non sistemático, serve de material complementario de aula para calquera fase das etapas infantil e primaria.
- En fases posteriores á de aprendizaxe das técnicas lecto-escritoras, serve de complemento apropiado para estimular a continuidade na lectura comprensiva.
- E un material indicado para motivar a afición lectora en base a lecturas amenas e que supoñan a participación creativa de nenas e nenos.

Outras características

- A globalización. A aprendizaxe da lectura e da escritura é unha actividade integrada en tódalas demais, que son traballadas na globalidade do ser do neno (aspectos anímicos, expresivos, psicomotrices, rítmicos, de experiencia....).
- Motivación do traballo en base a contos, ambientados no lugar de Chirlo Merlo. Os nenos e nenas entran nas historias sentíndose protagonistas completando, transformando ou resolvendo situacións. Nesta participación posibilitaselle ó neno a súa proxección emocional.
- Amplo emprego da nosa riqueza lingüística de tradición popular nos diferentes aspectos.





Prelectura e preescritura

Grafomotricidade

Chirlo Merlo ofrece un completo material secuenciado e unha chea de propostas didácticas que permiten que a aprendizaxe vivencial da técnica dalecto-escritura sexa máis asequible para todos.

Os grafismos sucédense segundo unha orde lóxica e natural. Os primeiros grafismos van servindo de base para os máis complexos. Tráballase tanto no espacio como no caderno de fichas, en pauta Montessori (auténtica) ou en folio branco. Sobre cada grafismo realízanse exercicios de interpretación e transcripción como actividades de prelectura. O caderno de Grafomotricidade de Chirlo Merlo publícase independentemente, e é un valioso material tanto na aprendizaxe da lecto-escritura como na recuperación de dificultades ou disfuncións grafomotrices.

O material e as propostas didácticas de Grafomotricidade están deseñados a partir da colaboración dos autores con especialistas.



Lectura de imaxe

En Chirlo Merlo trabállase desde os primeiros pasos a lectura significativa.

O libro de contos da primeira fase comenza traballando a significatividade coa lectura de imaxe.

Trátase de sinxelas historias en viñetas que teñen como protagonistas ós personaxes da aldea, que o neno decodifica (le), recorta, colorear, recompón, recrea, dramatiza, etc...





Pictogramas

Pictogramas

Os pictogramas son símbolos a xeito de sinxelos debuxos que representan conceptos convidados.

As actividades con pictogramas convírtense na escola nun xeito sinxelo, motivador e gratificante de afondar no aspecto significativo e funcional da lecto-escritura (formar frases con significado, emitir e recibir mensaxes, etc...), na súa fase de aprendizaxe, antes incluso de que o neno posúa a madurez suficiente para poder facelo coa lectura e a escritura convencionais.




METODO CHIRLO-MERLO

Fases

Chirlo Merlo compoñe de tres fases, con libro de contos, caderno de fichas e carteis para cda unha delas.

Os contidos van desde a prelectura e preescritura, incluídas na primeira fase, ata a práctica dos grupos consonánticos máis complexos.



Aspectos/material

O lobo ñañudo.

Eu mimo ó meu lobiño.

Sana sana patiña mala.

O lobo ñañudo
pesado subía.

O moucho
e o mouchoiño.

A raposa
e a raposiña.

lobiño miña osiña

Sabeliña a modíño ratiño

niño viña soiño

axiña apañoa iño iña

ñañudo patiña

ñañañañañañañañañaña

ñoñoñoñoñoñoñoñoñoño

ñuñuñuñuñuñuñuñuñu

ñeñeñeñeñeñeñeñeñe

ñiñiñiñiñiñiñiñiñiñi


xxxxxxxxxxxxxxxx

chchchchchchchchchch

ññññññññññññññññ

Fichas letra “ñ”

MOSTRA DUNHA UNIDADE DO LIBRO DE LECTURA. CONTO PARA A LETRA Ñ: «O LOBO ÑAÑUDO» -2ª FASE- (ORIXINAL EN COLOR)



Mostra dunha unidade

Lectura e escritura

A lectura é a escritura son significativas desde o primeiro momento da interpretación dos grafismos, dos pictogramas das primeiras vocais...

A aprendizaxe realízase secuenciada, procurando a maior facilidade na súa progresión. En cada conto trabállase somente un fonema novo, polo que todo o vocabulario que nel aparece é entendible polo neno.

Proporcionanse tamén co método claras referencias para os nenos, como é a pauta Montessori na escritura, e os carteis que acompañan a cada unidade que permanecen expostos na aula para asegurar o afianzamento das frases-clave.

A cantidade de material manipulativo que se ofrece por medio de fichas troqueladas posibilita a realización de múltiples actividades de construción de frases e palabras. Este material organízase nas carpetas do "Banco de Palabras".

O traballo sobre a lingua oral desenvólvese coa axuda dunha considerable colección de textos rítmicos e rimados, moitos deles recollidos do caudal inagotable de nosa literatura popular.

Aspectos artísticos da Arqueoloxía: Da prehistoria á antigüidade tardía

Do 8 ao 12 de xullo desenvolverase na Facultade de Humanidades do Campus de Ourense o curso "Aspectos artísticos da Arqueoloxía galega: Da prehistoria á antigüidade tardía", que estará coordinado por Fermín Pérez Losada e Ladislao Castro Pérez. Este curso encadrase dentro dos "Cursos de Verán, Xullo'91" da Universidade de Vigo.

O obxectivo principal do curso, según os organizadores do mesmo, é a aportación dunha visión sintética xeral, dun estado da cuestión actualizado, dos aspectos artísticos máis relevantes presentes na arqueoloxía prehistórica e clásica galega dos anos 90.


O curso está plantexado como unha actividade esencialmente interdisciplinar, a cabalo entre a Arqueoloxía, a Arte e maila Historia e pretende encher un valeiro, así como responder a unha necesidade. "Non é que non existan estudos sobre a materia —manifesta o equipo organizador—, pero ocorre que as Historias da Arte que abordan estas épocas adolecen normalmente da necesario información arqueolóxica e histórica, así como tampouco os compendios arqueolóxicos tratan en profundidade as cuestións artísticas".

Tamén é necesario insistir, sinalan os organizadores, sobre outra das pretensións deste curso como é aportar unha visión actualizada sobre o tema de estudio, "actualización que pretendemos que sexa tanto no tempo como no espazo; no espazo porque terán especial peso específico as recentes e importantísimas aportacións dos investigadores do Norte de Portugal, desgraciadamente pouco coñecidas no noso país; no tempo porque serán aportados datos sobre novos xacementos, excavacións e pezas arqueolóxicas atopadas nos últimos anos en Galicia e que, dada a súa importancia cuantitativa e cualitativa, cambian radicalmente o nivel de coñecementos que ata a data posuíamos sobre o asunto".

Con base nestes obxetivos e xustificacións o programa do curso consta dun total de 13 conferencias, impartidas por diversos especialistas galegos e portugueses ó longo dunha semana, a razón de dúas ou tres diarias. Estas, de 50 minutos de duración media, están agrupa-

Curso sobre aspectos de Arqueoloxía galega

□ Terá lugar en xullo no Campus de Ourense



Serán aportados datos sobre novos xacementos atopados nos últimos anos en Galicia.

das por grupos cronolóxico-culturais, e sempre irán acompañadas do necesario tempo de preguntas e debate. Está temén previsto realizar varias visitas que, máis que constituir un programa social para os asistentes, forman parte esencial e constituínte da propia temática esencial do curso.

A cota de inscrición do curso son: dez mil pesetas e cinco mil para alumnos y doctores de la Universidad de Vigo y personas en paro. As inscricións deberán facerse ao Vicerrectorado de Investigación e Actividades Culturais da Universidade de Vigo. Cursos de Verán. Apartado. 874- 36200 Vigo.

Información

Para solicitar unha maior información os interesados poden dirixirse aos Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.

O patrocinio do curso corre a cargo da Deputación provincial de Pontevedra, Comisión Galega de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, Caixavigo, Instituto Orensano de Desenvolvemento Económico-Deputación de Ourense, Confederación Empresarial de Ourense, Cámara de Comercio e Industria de Ourense, Covsa e Consorcio da Zona Franca de Vigo.



Excavacións en Aquil Querquernis.

Programa do curso

Luns, día 8:

- 9,10: Presentación
- 9,30: "Arte Rupestre ó ar libre: os petroglifos". J.M. Vázquez. Universidade de Santiago.
- 11,00: "Arquitectura megalítica". Domingos J. Da Cruz. Universidade de Coimbra.
- 12,00: "Arte megalítica". José María Bello. Director das excavacións de Dombate.
- 16,30: Visita a xacementos arqueolóxicos.

Martes, día 9:

- 9,30: "Manifestacións artísticas da idade do bronce en Galicia". Martín Almagro. Universidad Complutense de Madrid.
- 11,00: "Habitat, arquitectura e urbanismo na cultura castrexa". Armando Coelho. Universidade de Porto.
- 12,00: "Arte Castrexa".
- 16,30: Visita a xacementos castrexos.

Mércores, día 10:

- 10,00: "Primeiras manifestacións da ourivería do N.O./ peninsular". Bieito Pérez Outeiriño. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta.
- 11,00: "Ourivería castrexa". Ladislao Castro Pérez. Universidade de Vigo.
- 13,00: Visita o Museo Arqueolóxico de Ourense.

Xoves, día 11:

- 9,30: "Obras públicas na Galicia romana". Xosé Manuel Caamaño. Universidade de Santiago.
- 11,00: "Arquitectura e urbanismo das cidades romanas do N.O. peninsular". Antonio Rodríguez Colmenero. Universidade de Santiago.
- 12,00: "Habitat e arquitectura rural romana na Gallaecia".
- 16,30: Visita un xacemento arqueolóxico romano.

Venres, día 12:

- 10,00: "Arte provincial romana en Galicia". Fernando Acuña Castroviejo. Universidade de Santiago.
- 11,00: "Arqueoloxía e arte paleocristiana no N.O. peninsular". Carlos Alberto Ferreira de Almeida. Universidade de Porto.
- 12,45: Acto de clausura.

CARABULLINO

IMOS VER...
SE CO CONTO
DA REFORMA
VAMOS
RECICLAR
ÓS
MESTRES...



...DESPOIS
SEREI
UN
MESTRE
RECICLADO...

RECICLADO, SI...
COMA O PAPEL...



E, IGUAL
CA O PAPEL,
TEREMOS
DO QUE
LLES
BOTEN
NOS!

ANDRADE

NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Mercedes Suárez Pazos;
Antonio Fernández Pereira;
Mercedes González Sanmamed; David Cortón;
Cecilia Bello Rodríguez;
Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora:

Nova Escola Galega.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

